

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 3 DE SETEMBRO DE 2015

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18.02 horas do día 3 de setembro de 2015, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Concorre a interventora accidental M. Milagros López Álvarez

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do 07.07.2015, sesión organizativa

Non habendo obxeccións, a acta queda aprobada.

2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 391/2015 á 693/2015

Os concelleiros danse por informados.

3. Aprobación, se procede, do expediente de imposición de penalidades administrativas núm. 2/2015 á empresa Viaqua

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 26.08.2015 por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 2 abstencións do grupo municipal do PP:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: expediente núm. 2/2015 de imposición de penalidades administrativas á concesionaria dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento, Viaqua.

O 05.08.2015 mediante acordo plenario incoouse expediente para a imposición de penalidades a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU por importe de 30 euros ó día polo tempo transcorrido entre o 09.09.2013 e o 29.05.2014 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante resolución da alcaldía núm. 982/2013, conforme á motivación establecida no informe de secretaría 70/2015 que se lle transcribiu. No dito acordo déuselle audiencia polo prazo de dez días hábiles para que formulara alegacións e presentara os documentos e xustificantes que coidara pertinentes en defensa dos seus dereitos e intereses.

O 17.08.2015 Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU presenta unha serie de alegacións que poden resumirse do seguinte xeito,

1. Infracción do principio xurídico “*non bis in idem*” polo que non pode existir unha duplicidade de sancións en sede administrativas e en sede xudicial polos mesmos feitos. O expediente que motiva a imposición de penalidades encóntrase en sede xudicial (P.O. 285/2013 e P.O. 465/2014) e a Administración debe respectar o planteamento fáctico do órgano xurisdiccional así como a cosa xulgada establecida por resolución xudicial.
2. O artigo 21 do prego de condicións económico administrativas do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene establecen a imposición dunha multa de ata 5.000 pts (30 euros) e o que fai o Concello de Fene é aplicar a contía máxima sen ter en conta que a penalidade é de “ata 5.000 pts”. Engade que non hai abandono nin desidia na demora da execución das reparacións do servizo sinalando que non lles corresponde facelo e que a instalación da E.D.A.R. de maniños xa non está en servizo polo que non se pode falar dunha reparación do servizo.

Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU ten actualmente recorridas na orde xurisdiccional contencioso administrativa as resolucións de alcaldía núm. 1088/2013 (P.O. 285/2013) e 1063/2014 (P.O. 465/2014). Na resolución de alcaldía núm. 1088/2013 estimóuselle solo parcialmente o recurso interposto contra a resolución de alcaldía núm. 982/2013 pola que se lle requiría unha serie de actuacións na E.D.A.R. de Maniños e na resolución de alcaldía núm. 1063/2014 incoouse expediente para imposición de penalidades polo incumprimento do requirimento efectuado.

Ambas resolucións de alcaldía son executivas e eficaces sen que en ningún momento se suspendera a súa eficacia. A interposición de recurso ante a orde xurisdiccional contencioso administrativa non suspendeu automaticamente a súa eficacia e aínda non houbo pronunciamento xudicial polo que non pode falarse de cosa xulgada.

A imposición da penalidade polo importe máximo de 30 euros responde ós mesmos criterios que se indicaron na resolución de alcaldía núm. 1063/2014 do 17.10.2014 “A contía determínase tendo en conta o que se lles indicou na resolución de alcaldía núm. 1088/2013 e tendo en conta que o incumprimento contractual considérase leve pero de gran entidade por canto está a supoñer un grande risco de seguridade e salubridade. Así mesmo, debe terse en conta o prazo transcorrido, mais dun ano dende que se fixo o requirimento” ó que agora debe engadirse o reiterado incumprimento no requirimento realizado -e o segundo expediente de imposición de penalidades incoado- e o longo prazo transcorrido sen cumprir o dito requirimento.

En canto que non existe abandono nin desidia na demora da execución do requirimento e que non lles corresponde realizar as actuacións na E.D.A.R. de Maniños porque que non se pode falar dunha reparación do servizo emitiu a secretaria da corporación o informe 7/2015 do 04.02.2015 que no seu momento xa se lles transcribiu e que agora se transcribe parcialmente e di:

“PRIMEIRO.- CONTIDO DAS ALEGACIÓNS

Nas alegacións presentadas Viaqua alega que non pode realizar o baleirado da instalación porque o concello non tramita a autorización para facer esta operación, motivo polo que non se lle pode achacar desidia.

Que a imposición de penalidades atende ao abandono ou desidia na demora da execución das reparacións do servizo, non procedendo a imposición porque o baleirado non entra dentro das obrigas da mercantil e, por outra parte, non é ningunha reparación do servizo, porque dende xuño de 2013 a instalación non ten servizo.

Engade que non é responsabilidade da mercantil que o concello non tomara ningunha medida de tipo estrutural en relación coas fendas da EDAR, tal e como expoñía no ano 2005 en escrito con rexistro de entrada 7.3.2005.

SEGUNDO.-ANÁLISE DO CONTIDO DAS ALEGACIÓNS

A discusión sobre si as operacións obxecto do expediente de imposición de penalidades son competencia de VIAQUA xa foron resoltas na resolución da alcaldía 108/2013 de 1 de outubro.

Con independencia de que o asunto estea xudicializado, o acto é executivo por non atoparse suspendido, polo que, entendendo a administración municipal que as operacións requeridas forman parte do obxecto da concesión administrativa, a incoación do expediente de imposición de penalidades por non atender ao requirimento feito, entra dentro das prerrogativas que a Administración ten.

Entende a suscribinte que non procede entrar a dilucidar máis sobre esta cuestión ao estar resolta administrativamente, pero si considera que merece a pena salientar que o propio contratista se contradí continuamente ao respecto, xa que, por exemplo, supostamente non lle corresponde baleirar lodos, pero no escrito de 2005 e no de 17.9.2013 indica como os está a facer.

Como se informaba no informe 238/2013: “La presente contratación se rige por lo dispuesto en el contrato firmado el 19.11.1993, del que forman parte los pliegos aprobados por la Corporación Municipal en sesión de 1.7.1993, así como la modificación firmada el 26.3.2002.

Supletoriamente resulta de aplicación el Decreto 923/1965, por el que se aprueba el texto articulado de la Ley de Contratos del Estado, Decreto 3410/1975, de 25 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Contratación del Estado, el Decreto de 17 de junio de 1955, por el que se aprueba el Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales, LBRL, TRRL y supletoriamente la normativa privada.”

Esta normativa resulta de aplicación en base á DT1ª TRLCSP que di que os contratos administrativos adxudicados antes da entrada en vigor desta lei rexiranse en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción pola normativa anterior.

Asemade o contrato administrativo, na cláusula 22 do prego, establece que para o non previsto no prego, rexerán as normas da Lei 7/85, RD 781/86, RSCL, Lei de contratos do Estado e o seu regulamento e, en defecto dos anteriores, normas de dereito privado.

O Decreto 923/1965 establece, por unha banda, nos artigos 71 e ss. que o empresario deberá executar as obras precisas e organizar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e nos prazos nel sinalados, debendo cuidar da boa orde do servizo, sen prexuízo das facultades que o art. 65 dá a Administración, que é a conservación dos poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo.

O Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL) establece no seu artigo 127, entre as prerrogativas municipais: “Fiscalizar la gestión del concesionario, a cuyo efecto podrá inspeccionar el servicio, sus obras, instalaciones y locales y la documentación relacionada con el objeto de la concesión y dictar las órdenes para mantener o restablecer la debida prestación”

No artigo 131.1 deste regulamento establécese que “El pliego de condiciones detallará la situación y el estado de conservación en que habrán de encontrarse las obras y el material afectos a la concesión en el momento de reversión de la misma.”

Na cláusula 1.1 do prego que rexe a concesión inclúese expresamente o mantemento e conservación das depuradoras en funcionamento e as que no futuro puideran entrar en servizo, coa obriga de limpeza e eliminación dos seus lodos.

A cláusula 8.1 do prego afonda máis sobre o que debe entenderse por mantemento e conservación destas instalacións, xa que di que “ en orde á explotación e conservación de obras e instalacións, consideraranse tódalas de captación, depuración, elevación, tratamento, impulsión, acumulación e distribución ata as acometidas dos abonados, incluíndo as instalacións eléctricas e mecánicas de todo tipo. As reparacións que se efectúen en todas estas obras e instalacións do servizo como consecuencia de fugas, avarías, etc. consideraranse traballos de conservación e correrán a cargo do contratista.

Asímesmo o concesionario estará obrigado á limpeza e conservación da rede de saneamento ata a entrada á edificación dos abonados.”

Por outra banda, a cláusula 8.2 indica que traballos como eliminación de fendas ou deterioros importantes non serán a cargo do contratista sempre que houbera forza maior ou non se deban á súa culpa ou negligencia. Ante calquera destes problemas, o contratista debe presentar un informe sobre a posible razón destes deterioros e sobre as medidas a adoptar, algo que está na liña da súa obriga de informar e asesorar técnicamente á corporación (cláusula 1.3 dos pregos).

Analizado o escrito presentado en marzo de 2005 nesteponse de manifesto que a capacidade de tratamento da EDAR está desbordada por exceso de caudal, que a empresa está a xestionar lodos trasladándoos no camión de saneamento da empresa xestora, que o funcionamento con normalidade require de grande esforzo porque son necesarias reparacións pola corrosión que soporta e a obsolescencia dos equipos, fálase de fendas como defectos de

obra civil e que, co novo plan de saneamento integral da ría, as augas residuais que xestiona serán bombeadas á nova estación que se contempla.

En ningún caso neste escrito, como así dispón a cláusula 8.2 do prego, se indican medidas a adoptar; pola contra, o concesionario parece indicar que todos estes problemas se solucionarán coa nova estación de bombeo. Non se pode, polo tanto, achacar desidia de tipo ningún á administración, cando o propio contratista non solicita ningunha actuación concreta, tal e como debe facelo segundo as súas obrigas.

De forma bastante insidiosa a mercantil alega que a imposición de penalidades non procede por aludir a “reparacións do servizo” cando a EDAR non está en funcionamento e non hai “servizo” que reparar.

Debe terse presente que é o órgano de contratación o competente para interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, sendo o acto que dicte inmediatamente executivo, previo informe da asesoría xurídica (artigo 18 TALBCE).

Entende a suscribinte que esta argumentación é de todo rebuscada e que cando se fala de servizo, se fala do servizo público que se está a prestar, isto é, o propio obxecto do contrato, e non do funcionamento concreto dunha instalación, tal e como sucede noutros puntos do prego, como cando se fala de “rescate do servizo”, “infracción de carácter grave que puxera en perigo a boa prestación do servizo”.

Así as cousas, dado que a cláusula fala de reparación do servizo e non de instalacións, debe entenderse que se está a aludir con reparar o servizo a proseguir na boa execución do mesmo.

Así considera a suscribinte que debe ser interpretado, xa que claramente se aprecia outro sentido no prego cando di “As reparacións que se efectúen en todas estas obras e instalacións do servizo como consecuencia de fugas, avarías, etc. consideraranse traballos de conservación e correrán a cargo do contratista.”

Isto é: o prego distingue reparación do servizo e reparacións en obras e instalacións, encadrándose a presente no primeiro suposto.

Asemade, a cláusula 8.1 do prego establece unha clara concomitancia entre reparación e traballos de conservación, equiparándoos.

Non ten sentido que se a Administración conserva as súas funcións de policía, só poida compeler a que se efectúen reparacións concretas ou determinadas, agás as expresamente excluídas, ou que haxa ámbitos sobre os que a súa función de policía se vexa mermada, como se desprendería da interpretación de VIAQUA, máis, pola contra, entender reparación do servizo, como atender aos requerimentos de reposición da súa correcta execución é máis conforme con esa función de policía [...]”.

En base ao que antecede, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas o 17.08.2015 por Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU polas motivacións expostas.

SEGUNDO.- Imponer a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU unhas penalidades de 7.890 € (263 días * 30€/día) polo tempo transcorrido entre o 09.09.2013 e o 29.05.2014 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante resolución da alcaldía núm. 982/2013, conforme á motivación establecida no informe de secretaría 70/2015 que se lle transcribiu e ao artigo 21 dos pregos de cláusulas administrativas que rexen a concesión.

Ditas penalidades faranse efectivas mediante cantidades que se deban ao contratista ou, no caso de non ser posible, con cargo á garantía definitiva do contrato.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao interesado comunicándolle que pon fin á vía administrativa e fronte ao mesmo poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contando dende o día seguinte ó de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderá impugnar directamente, o acordo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). A tal efecto poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da presente notificación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Fene, 19 de agosto de 2015
O alcalde
Juventino José Trigo Rey”

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas o 17.08.2015 por Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU polas motivacións expostas.

SEGUNDO.- Impoñer a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU unhas penalidades de 7.890 € (263 días * 30€/día) polo tempo transcorrido entre o 09.09.2013 e o 29.05.2014 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante resolución da alcaldía núm. 982/2013, conforme á motivación establecida no informe de secretaria 70/2015 que se lle transcribiu e ao artigo 21 dos pregos de cláusulas administrativas que rexen a concesión.

Ditas penalidades faranse efectivas mediante cantidades que se deban ao contratista ou, no caso de non ser posible, con cargo á garantía definitiva do contrato.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao interesado comunicándolle que pon fin á vía administrativa e fronte ao mesmo poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contando dende o día seguinte ó de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderá impugnar directamente, o acordo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). A tal efecto poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da presente notificación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

4. Aprobación, se procede, do expediente de imposición de penalidades administrativas núm. 3/2015 á empresa Viaqua

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 26.08.2015 por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 2 abstencións do grupo municipal do PP:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: expediente núm. 3/2015 de imposición de penalidades administrativas á concesionaria dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento, Viaqua.

O 05.08.2015 mediante acordo plenario incoouse expediente para a imposición de penalidades a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU por importe de 30 euros ó día polo tempo transcorrido entre o 02.01.2015 e o 17.07.2015 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante resolución da alcaldía núm. 982/2013, unha vez remitida a autorización de baleirado da EDAR de Maniños na EDAR de Punta Avarenta de Augas de Galicia. No dito acordo déuselle audiencia polo prazo de dez días hábiles para que formulara alegacións e presentara os documentos e xustificantes que coidara pertinentes en defensa dos seus dereitos e intereses.

O 17.08.2015 Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU presenta unha serie de alegacións que poden resumirse do seguinte xeito,

1. Infracción do principio xurídico “*non bis in idem*” polo que non pode existir unha duplicidade de sancións en sede administrativas e en sede xudicial polos mesmos feitos. O expediente que motiva a imposición de penalidades encóntrase en sede xudicial (P.O. 285/2013 e P.O. 465/2014) e a Administración debe respectar o planteamento fáctico do órgano xurisdiccional así como a cosa xulgada establecida por resolución xudicial.
2. O artigo 21 do prego de condicións económico administrativas do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene establecen a imposición dunha multa de ata 5.000 pts (30 euros) e o que fai o Concello de Fene é aplicar a contía máxima sen ter en conta que a penalidade é de “ata 5.000 pts”. Engade que non hai abandono nin desidia na demora da execución das reparacións do servizo sinalando que non lles corresponde facelo e que a instalación da E.D.A.R. de maniños xa non está en servizo polo que non se pode falar dunha reparación do servizo.

Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU ten actualmente recorridas na orde xurisdiccional contencioso administrativa as resolucións de alcaldía núm. 1088/2013 (P.O. 285/2013) e 1063/2014 (P.O. 465/2014). Na resolución de alcaldía núm. 1088/2013 estimóuselle solo parcialmente o recurso interposto contra a resolución de alcaldía núm. 982/2013 pola que se lle requiría unha serie de actuacións na E.D.A.R. de Maniños e na resolución de alcaldía núm. 1063/2014 incoouse expediente para imposición de penalidades polo incumprimento do requirimento efectuado.

Ambas resolucións de alcaldía son executivas e eficaces sen que en ningún momento se suspendera a súa eficacia. A interposición de recurso ante a orde xurisdiccional contencioso administrativa non suspendeu automaticamente a súa eficacia e aínda non houbo pronunciamento xudicial polo que non pode falarse de cosa xulgada.

A imposición da penalidade polo importe máximo de 30 euros responde ós mesmos criterios que se indicaron na resolución de alcaldía núm. 1063/2014 do 17.10.2014 “A contía determinase tendo en conta o que se lles indicou na resolución de alcaldía núm. 1088/2013 e tendo en conta que o incumprimento contractual considérase leve pero de gran entidade por canto está a supoñer un grande risco de seguridade e salubridade. Así mesmo, debe terse en conta o prazo transcorrido, mais dun ano dende que se fixo o requirimento” ó que agora debe engadirse o reiterado incumprimento no requirimento realizado -e o segundo expediente de imposición de penalidades incoado- e o longo prazo transcorrido sen cumprir o dito requirimento.

En canto que non existe abandono nin desidia na demora da execución do requirimento e que non lles corresponde realizar as actuacións na E.D.A.R. de Maniños porque que non se pode falar dunha reparación do servizo emitiu a secretaria da corporación o informe 7/2015 do 04.02.2015 que no seu momento xa se lles transcribiu e que agora se transcribe parcialmente e di:

“PRIMEIRO.- CONTIDO DAS ALEGACIÓNS

Nas alegacións presentadas Viaqua alega que non pode realizar o baleirado da instalación porque o concello non tramita a autorización para facer esta operación, motivo polo que non se lle pode achacar desidia.

Que a imposición de penalidades atende ao abandono ou desidia na demora da execución das reparacións do servizo, non procedendo a imposición porque o baleirado non entra dentro das obrigas da mercantil e, por outra parte, non é ningunha reparación do servizo, porque dende xuño de 2013 a instalación non ten servizo.

Engade que non é responsabilidade da mercantil que o concello non tomara ningunha medida de tipo estrutural en relación coas fendas da EDAR, tal e como expoñía no ano 2005 en escrito con rexistro de entrada 7.3.2005.

SEGUNDO.-ANÁLISE DO CONTIDO DAS ALEGACIÓNS

A discusión sobre si as operacións obxecto do expediente de imposición de penalidades son competencia de VIAQUA xa foron resoltas na resolución da alcaldía 108/2013 de 1 de outubro.

Con independencia de que o asunto estea xudicializado, o acto é executivo por non atoparse suspendido, polo que, entendendo a administración municipal que as operacións requiridas forman parte do obxecto da concesión administrativa, a incoación do expediente de imposición de penalidades por non atender ao requirimento feito, entra dentro das prerrogativas que a Administración ten.

Entende a suscribinte que non procede entrar a dilucidar máis sobre esta cuestión ao estar resolta administrativamente, pero si considera que merece a pena salientar que o propio contratista se contradí continuamente ao respecto, xa que, por exemplo, supostamente non lle corresponde baleirar lodos, pero no escrito de 2005 e no de 17.9.2013 indica como os está a facer.

Como se informaba no informe 238/2013: "La presente contratación se rige por lo dispuesto en el contrato firmado el 19.11.1993, del que forman parte los pliegos aprobados por la Corporación Municipal en sesión de 1.7.1993, así como la modificación firmada el 26.3.2002.

Supletoriamente resulta de aplicación el Decreto 923/1965, por el que se aprueba el texto articulado de la Ley de Contratos del Estado, Decreto 3410/1975, de 25 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Contratación del Estado, el Decreto de 17 de junio de 1955, por el que se aprueba el Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales, LBRL, TRRL y supletoriamente la normativa privada."

Esta normativa resulta de aplicación en base á DT1ª TRLCSP que di que os contratos administrativos adjudicados antes da entrada en vigor desta lei rexiranse en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción pola normativa anterior.

Asemade o contrato administrativo, na cláusula 22 do prego, establece que para o non previsto no prego, rexerán as normas da Lei 7/85, RD 781/86, RSCL, Lei de contratos do Estado e o seu regulamento e, en defecto dos anteriores, normas de dereito privado.

O Decreto 923/1965 establece, por unha banda, nos artigos 71 e ss. que o empresario deberá executar as obras precisas e organizar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e nos prazos nel sinalados, debendo cuidar da boa orde do servizo, sen prexuízo das facultades que o art. 65 dá a Administración, que é a conservación dos poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo.

O Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL) establece no seu artigo 127, entre as prerrogativas municipais: "Fiscalizar la gestión del concesionario, a cuyo efecto podrá inspeccionar el servicio, sus obras, instalaciones y locales y la documentación relacionada con el objeto de la concesión y dictar las órdenes para mantener o restablecer la debida prestación"

No artigo 131.1 deste regulamento establécese que "El pliego de condiciones detallará la situación y el estado de conservación en que habrán de encontrarse las obras y el material afectos a la concesión en el momento de reversión de la misma."

Na cláusula 1.1 do prego que rexe a concesión inclúese expresamente o mantemento e conservación das depuradoras en funcionamento e as que no futuro puideran entrar en servizo, coa obriga de limpeza e eliminación dos seus lodos.

A cláusula 8.1 do prego afonda máis sobre o que debe entenderse por mantemento e conservación destas instalacións, xa que di que “ en orde á explotación e conservación de obras e instalacións, consideraranse tódalas de captación, depuración, elevación, tratamento, impulsión, acumulación e distribución ata as acometidas dos abonados, incluíndo as instalacións eléctricas e mecánicas de todo tipo. As reparacións que se efectúen en todas estas obras e instalacións do servizo como consecuencia de fugas, avarías, etc. consideraranse traballos de conservación e correrán a cargo do contratista.

Asímesmo o concesionario estará obrigado á limpeza e conservación da rede de saneamento ata a entrada á edificación dos abonados.”

Por outra banda, a cláusula 8.2 indica que traballos como eliminación de fendas ou deterioros importantes non serán a cargo do contratista sempre que houbera forza maior ou non se deban á súa culpa ou negligencia. Ante calquera destes problemas, o contratista debe presentar un informe sobre a posible razón destes deterioros e sobre as medidas a adoptar, algo que está na liña da súa obriga de informar e asesorar tecnicamente á corporación (cláusula 1.3 dos pregos).

Analizado o escrito presentado en marzo de 2005 neste ponse de manifesto que a capacidade de tratamento da EDAR está desbordada por exceso de caudal, que a empresa está a xestionar lodos trasladándoos no camión de saneamento da empresa xestora, que o funcionamento con normalidade require de grande esforzo porque son necesarias reparacións pola corrosión que soporta e a obsolescencia dos equipos, fálase de fendas como defectos de obra civil e que, co novo plan de saneamento integral da ría, as augas residuais que xestiona serán bombeadas á nova estación que se contempla.

En ningún caso neste escrito, como así dispón a cláusula 8.2 do prego, se indican medidas a adoptar; pola contra, o concesionario parece indicar que todos estes problemas se solucionarán coa nova estación de bombeo. Non se pode, polo tanto, achacar desidia de tipo ningún á administración, cando o propio contratista non solicita ningunha actuación concreta, tal e como debe facelo segundo as súas obrigas.

De forma bastante insidiosa a mercantil alega que a imposición de penalidades non procede por aludir a “reparacións do servizo” cando a EDAR non está en funcionamento e non hai “servizo” que reparar.

Debe terse presente que é o órgano de contratación o competente para interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, sendo o acto que dicte inmediatamente executivo, previo informe da asesoría xurídica (artigo 18 TALBCE).

Entende a suscribinte que esta argumentación é de todo rebuscada e que cando se fala de servizo, se fala do servizo público que se está a prestar, isto é, o propio obxecto do contrato, e non do funcionamento concreto dunha instalación, tal e como sucede noutros puntos do prego, como cando se fala de “rescate do servizo”, “infracción de carácter grave que puxera en perigo a boa prestación do servizo”.

Así as cousas, dado que a cláusula fala de reparación do servizo e non de instalacións, debe entenderse que se está a aludir con reparar o servizo a proseguir na boa execución do mesmo.

Así considera a suscribinte que debe ser interpretado, xa que claramente se aprecia outro sentido no prego cando di “As reparacións que se efectúen en todas estas obras e instalacións do servizo como consecuencia de fugas, avarías, etc. consideraranse traballos de conservación e correrán a cargo do contratista.”

Isto é: o prego distingue reparación do servizo e reparacións en obras e instalacións, encadrándose a presente no primeiro suposto.

Asemade, a cláusula 8.1 do prego establece unha clara concomitancia entre reparación e traballos de conservación, equiparándoos.

Non ten sentido que se a Administración conserva as súas funcións de policía, só poida compeler a que se efectúen reparacións concretas ou determinadas, agás as expresamente excluídas, ou que haxa ámbitos sobre os que a súa función de policía se vexa mermada, como se desprendería da interpretación de VIAQUA, máis, pola contra, entender reparación do servizo, como atender aos requerimentos de reposición da súa correcta execución é máis conforme con esa función de policía [...]”.

En base ao que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas o 17.08.2015 por Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU polas motivacións expostas.

SEGUNDO.- Impoñer a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU unhas penalidades de 5.910 € (197 días * 30€/día) polo tempo transcorrido entre o 02.01.2015 e o 17.07.2015 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante resolución da alcaldía núm. 982/2013, unha vez remitida a autorización de baleirado da EDAR de Maniños na EDAR de Punta Avarenta de Augas de Galicia, conforme ao artigo 21 dos pregos de cláusulas administrativas que rexen a concesión.

Ditas penalidades faranse efectivas mediante cantidades que se deban ao contratista ou, no caso de non ser posible, con cargo á garantía definitiva do contrato.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao interesado comunicándolle que pon fin á vía administrativa e fronte ao mesmo poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contando dende o día seguinte ó de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderá impugnar directamente, o acordo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). A tal efecto poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da presente notificación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

Fene, 19 de agosto de 2015
O alcalde
Juventino José Trigo Rey”

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas o 17.08.2015 por Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU polas motivacións expostas.

SEGUNDO.- Impoñer a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU unhas penalidades de 5.910 € (197 días * 30€/día) polo tempo transcorrido entre o 02.01.2015 e o 17.07.2015 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante resolución da alcaldía núm. 982/2013, unha vez remitida a autorización de baleirado da EDAR de Maniños na EDAR de Punta Avarenta de Augas de Galicia, conforme ao artigo 21 dos pregos de cláusulas administrativas que rexen a concesión.

Ditas penalidades faranse efectivas mediante cantidades que se deban ao contratista ou, no caso de non ser posible, con cargo á garantía definitiva do contrato.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao interesado comunicándolle que pon fin á vía administrativa e fronte ao mesmo poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contando dende o día seguinte ó de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderá impugnar directamente, o acordo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). A tal efecto poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da presente notificación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

5. Aprobación, se procede, da proposta da alcaldía en relación coa moción presentada pola CIG relativa á proposición de lei, por iniciativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética

Consta no expediente a seguinte moción:

“A CIG ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en pleno, sobre proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética.

A central sindical Confederación Intersindical Galega (CIG) está a impulsar unha proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, que na súa exposición de motivos e articulado sinala o seguinte:

Exposición de motivos

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu produto interior bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial. A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxeno dos seus recursos enerxéticos.

Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español e ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, e mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual os consumidores dos diferentes territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Cabe salientar que as tarifas eléctricas no Estado español son as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre trinta estados europeos.

É posíbel a concreción dunha tarifa máis baixa, para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e para posibilitar o seu crecemento industrial. Así, nesta Lei, no capítulo I, concrétese o desenvolvemento dunha política enerxética, baseada no papel protagonista da Administración galega, na necesidade para o país de dotármonos dunha tarifa eléctrica específica, fundamentada na nosa condición excedentaria na produción eléctrica, da análise das perdas no transporte e distribución, así como das diferentes peaxes do sistema que atenden ás singularidades de determinados territorios: extrapeninsulares, comarcas do carbón español, comunidades que son moi deficitarias na xeración eléctrica, etc. Por iso, concretamos que para

Galiza a tarifa debería recoller unha bonificación dun 30% nas peaxes. A Lei pretende tamén impulsar o crecemento das enerxías renovábeis, as medidas de aforro e eficiencia enerxética e a inclusión de Galiza no actual Plano Estatal do Carbón. Por último, propónse a creación dunha tarifa industrial estábel e predicíbel que favoreza a localización e o desenvolvemento industrial. O sector empresarial galego, e nomeadamente a súa industria, precisa gañar competitividade pola vía da correcta xestión dos seus custos. Na actualidade, os custos enerxéticos representan a segunda categoría de custo máis importante despois dos correspondentes ao persoal. En 2012, o prezo da electricidade para clientes industriais era no conxunto do Estado español un 10% superior ao custo medio da Unión Europea. Obviamente, cómpre avanzarmos nas políticas orientadas a conseguir maiores graos de eficiencia enerxética para reducir a intensidade enerxética. Porén, tamén é necesario que se actúe de maneira decidida sobre os custos enerxéticos que teñen que soportar as empresas no desenvolvemento da súa actividade.

Neste sentido, Galiza acolle no seu territorio factorías que desenvolven procesos produtivos intensivos no uso de enerxía (aluminio, aliaxes de ferro, etc.). Por tal motivo, a continuidade destas actividades –coa conservación do emprego e a xeración de riqueza vinculado a elas– está estreitamente vencellada a dispoñen de electricidade a uns prezos que respondan á realidade dos custos relativos á súa produción, transporte e distribución. Desta medida veríanse beneficiadas non só esas factorías de referencia, senón o conxunto dos sectores produtivos galegos, que lograrían un abaratamento evidente da súa factura enerxética incrementando así a súa competitividade. Sen a lousa dunha estrutura de prezos eléctricos artificialmente agrandada por uns cálculos de custos de transporte e distribución realizados cunha lóxica de Estado, mais que non corresponden á realidade do noso país, incrementaríase o atractivo de Galiza como territorio para a implantación empresarial.

Dado que o obxectivo do sistema eléctrico é fornecer electricidade con maior nivel de calidade, ao menor custo posíbel e con respecto ás cuestións ambientais, parece evidente que se necesita de maneira inadiábel que a través dos mecanismos gubernativos oportunos se garanta que un territorio como o galego, que conta cunha grande capacidade de transformación de enerxía primaria en enerxía apta para o consumo, dispoña dun prezo da electricidade que constitúa unha vantaxe competitiva para as empresas que nel están localizadas. Os custos de transporte e distribución desde as instalacións de produción localizadas en territorio galego até os centros de consumo industrial en Galiza deberían ser inferiores aos que se recollen na actual estrutura de peaxes e cargas que está vixente para todo o Estado, dada a proximidade espacial entre unhas e outros. Adaptar estes conceptos regulados á singularidade propia de Galiza permitiría explotar unha vantaxe comparativa do noso país para xerar riqueza e emprego a través da produción industrial.

O capítulo II desta Lei recolle unha concepción da enerxía como un dereito universal de todas as persoas. Para tal fin, concrétese a definición da pobreza enerxética e articúlanse varias medias para a defensa das persoas consumidoras en situación de pobreza enerxética, ao ser un problema de cada vez maior importancia na sociedade galega. Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos cales, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindible. Segundo datos recentes en Galiza, cerca de 187.000 persoas, o 18% do total da poboación, teñen dificultades para aboaren as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefacción, etc.), situación que resulta intolerábel nunha sociedade socialmente avanzada.

Capítulo I. Medidas para garantir a enerxía como servizo público para o desenvolvemento económico e industrial de Galiza.

Artigo 1. Política enerxética.

A Xunta de Galiza porá en práctica no ámbito das súas competencias e promoverá e defenderá nos órganos de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas medidas encamiñadas a:

- a) A participación da Xunta de Galiza directamente, ou a través de empresas mixtas, para o aproveitamento público de todos recursos enerxéticos, así como de todas as instalacións de produción, distribución e transporte existentes en Galiza.
- b) A implantación dunha tarifa eléctrica máis baixa para Galiza, partindo dunha redución do 30% das peaxes do sistema eléctrico.
- c) A diversificación das fontes de enerxía e recuperación das primas para permitir o desenvolvemento das enerxías renovábeis.
- d) A aprobación dun plano de medidas para o fomento do aforro e de eficiencia no consumo enerxético.

e) A esixencia da inclusión da Galiza no actual Plano Estatal do Carbón.

f) A creación dunha tarifa industrial estábel, con variacións predicíbeis, á que se podan acoller os grandes consumidores baixo o cumprimento dunha serie de requisitos de consumo, potencia contratada e dispoñibilidade de interrupción do subministro se for preciso para a xestión do sistema eléctrico.

Capítulo II. A enerxía como dereito universal de todas as persoas ao benestar social.

Artigo 2. Concepto de pobreza enerxética.

Unha unidade de convivencia está en situación de pobreza enerxética cando ten que destinar máis do 10% dos seus ingresos para satisfacer as súas necesidades enerxéticas (gas e electricidade) da súa vivenda. Para o cálculo anterior, consideraranse os gastos teóricos de enerxía para manter a temperatura da vivenda entre 18°C e 21°C.

Artigo 3. Medidas para erradicar a pobreza enerxética.

1. A Xunta de Galiza asumirá o custo das facturas de gas e electricidade das persoas consumidoras vulnerábeis en risco de pobreza enerxética.

2. Para os efectos de dar cumprimento ao anterior, as persoas que se encontren en situación de pobreza enerxética, nos termos do artigo 2 desta Lei, poderán solicitar da Administración, ao recibiren o aviso de interrupción do subministro de electricidade ou gas, que se faga cargo das súas facturas de gas e electricidade.

3. Para demostrar a situación de pobreza enerxética, os interesados deberán achegar coa súa solicitude un informe dos servizos sociais sobre a situación da unidade de convivencia. Este informe, que as administracións públicas competentes deberán emitir no prazo máximo de quince días desde que sexa requirido, acreditará o cumprimento dos requisitos do artigo 2 desta Lei cunha vixencia de seis meses, sen prexuízo da súa renovación.

4. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras dos servizos básicos de electricidade e gas os mecanismos de intercambio de información e de prezos sociais, co obxectivo de mellorar a prevención e a planificación das actuacións públicas.

5. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras os mecanismos de información necesarios para que poñan en coñecemento dos servizos sociais e das persoas usuarias a información existente e actualizada sobre as tarifas sociais e as axudas e medidas previstas para frear a pobreza enerxética.

Por todos estes motivos, a CIG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

Acordo

Primeiro.-Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar por iniciativa lexislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.-Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa lexislativa popular.”

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 28.08.2015 por 5 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal Socialista , 1 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo Mixto) e 1 abstención do grupo municipal do PP:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

A Confederación Intersindical Galega (CIG) presentou un escrito do 06.08.2015, RXE 8222 do 18.08.2015, no que achega unha moción para que o Pleno municipal a aprobe, relativa á proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética.

Logo de ver a moción da CIG que se achega xunto a esta proposta, comparto a súa exposición de motivos e a súa proposta de acordo, polo que propóñoelle ao Pleno que a faga súa e aprobe os seus acordos, que din:

1. Manifestar o apoio da Corporación municipal á Proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar por iniciativa legislativa popular da Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galicia.

2. Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa legislativa popular.

Fene, 25 de agosto de 2015

O alcalde

Juventino José Trigo Rey”

O alcalde abre o debate e concédelle a palabra a un representante da Confederación Intersindical Galega, por ser quen presenta a moción que subscribe o seu grupo.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que comeza pedindo unha cuestión de orde, preguntando quen asumiu esta iniciativa.

Contéstalle o alcalde que foi presentada no rexistro e preséntase como proposta da alcaldía directamente, pero non hai ningún inconveniente en que se acollan todos os grupos políticos.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, di que a proposta debía ser defendida por quen a presenta en primeiro lugar.

O alcalde di que a alcaldía subscribiu a moción porque hai uns meses xa presentaron unha moción ao respecto dunha tarifa eléctrica galega. Por un lado, entenden a enerxía coma un servizo público no que non só teñen que primar os intereses das empresas, máxime nestes momentos nso que hai moitas familias ás que lle supón unha grande dificultade afrontar os pagamentos da enerxía.

Pensan que este servizo o ten que facilitar as administracións, ben dende o Estado ou dende a Xunta de Galicia a través de descontos ou tarifas sociais.

Por outro lado, está o tema da tarifa eléctrica galega, que pensa que xa foi aprobado por unanimidade no pasado neste Pleno. Di que en Galicia levan anos padecendo os inconvenientes de ter preto centrais térmicas como a de Meirama ou As Pontes, grandes encoros, centrais eléctricas e que en ningún momento se ve reflectido nunha correspondencia para Galicia cunha tarifa máis baixa ou unha compensación.

Di que trouxo esta proposta porque o seu grupo está totalmente de acordo con esta iniciativa legislativa popular, inda que non ten ningún inconveniente en que a proposta fose subscriba por todos os grupos municipais.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, di que ao seu grupo non lle parece mal moitas das cousas das que fala a moción, ao contrario, subscribirían a moción, pero tal e como está non a poden subscribir. En primeiro lugar, fai unha reflexión das competencias que deben ter os plenos municipais. É evidente que a competencia para a iniciativa legislativa popular, co respaldo das sinaturas correspondentes, é algo que terá que ser tramitado no Parlamento e, por tanto, non é o Concello de Fene quen teña que dicir nada ao respecto, será a cámara galega quen o diga baseado nos informes xurídicos correspondentes.

Por outro lado, hai que diferenciar o consumo que poidan facer as empresas no actual sistema de poxa eléctrica da tarifa social que se poida establecer para as persoas que teñan problemas co seu pagamento mensual, xa que o mesmo que se di das empresas respecto desta tarifa, tamén se pode dicir do subministro de gasolina e gasóleo que se fan na refinería da Coruña, que sería o mesmo problema ou tamén podería dicirse doutros sectores nos que Galicia é unha grande produtora e que actualmente estanse a ver en serio perigo.

Por tanto, o seu grupo pensa que unha cousa é o que se poida facer respecto da tarifa a aplicar ás distintas empresas para beneficiar a súa produción dentro de Galicia, o que se tería que ver tanto dende un punto de vista autonómico como estatal e outra cousa é o que se ve repercutido no xustificante de pagamento da luz, que é consecuencia das malas políticas que se fixeron no seu momento, como as das enerxías verdes, que non di que non se teñan que primar, pero a repercusión na tarifa eléctrica é moi importante e levou nestas dúas últimas lexislaturas a unha suba dun 63%. Por todo isto pensa que hai que diferenciar o tratamento que se lle debe dar ao tratamento das empresas, sen prexuízo de que se modifique o actual réxime da poxa eléctrica cara a dar estabilidade e seguridade aos custes de produción anuais da tarifa social. Respecto desta tarifa social di que a lei segue a manter o bono social e a moción propón que a Xunta de Galicia asuma o custe das facturas de gas e electricidade. Hoxe mesmo, no Consello da Xunta aprobouse esta medida que beneficiará a máis de 42.000

persoas, de xeito que queda solventado o problema que formula esta moción. Remata dicindo que o grupo municipal do PP votará en contra.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que independentemente das competencias do Pleno sobre as mocións, lembra que houbo moitas mocións que viñeron ao Pleno que non son competencia exclusiva deste, como puido ser á moción da empresa Megasa afectada polo tema do subministro eléctrico; cre que o Pleno si se debe manifestar respecto destes asuntos. Indistintamente do dito polo voceiro do grupo municipal do PP de que hoxe o Consello da Xunta aprobou que asumirá as facturas das persoas en risco de pobreza, entende que, en xeral, a moción a deben asumir e por iso votará a favor.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que o seu grupo apoia a moción, que xa no programa electoral do seu grupo se falaba da pobreza enerxética. Parte da base de que a enerxía é patrimonio da cidadanía para garantir unhas condicións de vida dignas e actualmente non está garantido o acceso á enerxía a un prezo xusto, xa que o prezo é moi elevado e, por riba, as compañías subministradoras ao primeiro aviso de falla de pago cortan o subministro. Quere ir un pouco máis alá deste manifesto e quere facer unha proposta para que o Concello tome parte contra a pobreza enerxética, de xeito que, en colaboración cos Servizos Sociais, se subministre enerxía a custe cero para aquelas persoas en situación de pobreza. Ademais das cuestións políticas sobre quen é produtor de enerxía e demais, di que hai unha cousa preocupante que é o ver como repercute a pobreza enerxética na saúde da poboación, aumenta moito a taxa de mortalidade condicionada ao inverno, que vai dende novembro a maio, co aumento de enfermidades cardiovasculares e respiratorias en maiores de 60 anos. Isto pódese ver en estudos de análise de tendencias do ano 2014 e afirma que o 17% dos fogares ten gastos desproporcionados no pagamento da factura eléctrica, o que supón en Galicia 454.000 habitantes. As causas hainas que buscar, como di a moción da CIG, nos baixos ingresos, os prezos elevados da enerxía e a calidade insuficiente das vivendas para evitar as perdas de calor. Pensa que o Concello, para a súa xente desfavorecida, debe tomar medidas a través de Servizos Sociais, para garantir o subministro de enerxía necesario para evitar a pobreza enerxética dos seus veciños.

De seguido intervén o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que a pesar dalgúns elementos da moción no que non poden estar de acordo porque entenden que o problema da xestión da enerxía eléctrica é un problema máis global, hai un sistema eléctrico a nivel do Estado que pensa que é a orixe de todos os problemas da enerxía, debido aos seus procedementos para establecer os prezos e o sistema tarifario, o escurantismo co que se xestiona os xustificantes de pagamento da luz, o tratamento aos usuarios do servizo, algo que é lamentable por parte do conxunto das empresas eléctricas. Di que o acceso á enerxía é inxusto, cuns prezos que están moi por riba dos prezos de produción, de xeito que os cidadáns deste país están condenados a pagar a enerxía e ao resarcimento suposto dos beneficios que se terían producido se as circunstancias económicas fosen outras; os pequenos e medianos empresarios deste país teñen que abrir os seus negocios vendan ou non vendan, sen embargo, as compañías eléctricas deste país son privilexiadas, incluídas as galegas, pois se pechan ou producen menos enerxía eléctrica, seguen a cobrar, de xeito que ou cobran pola venda da enerxía ou pola dispoñibilidade de poder facelo, o que é algo aberrante e inxusto respecto do resto dos emprendedores do país, ademais nun contexto no que as grandes produtoras enerxéticas estafan ao conxunto da cidadanía para enriquecer a uns poucos e chegando a insolidariedade de que nos momentos actuais haxa xente que teña que pasar frío e calamidades porque non pode acceder a uns prezos enerxéticos tan abusivos e que nada teñen que ver cos custes de produción.

É certo que comparten a filosofía de fondo da moción, que Galicia é unha produtora de enerxía excedentaria, que podería ter un tratamento específico, xa que os custes do transporte da enerxía son menores e non lle parece correcta a filosofía de fondo de tratalo como un problema específico. En todo o demais coinciden, aínda que algunha parte do articulado sexa mellorable cunha maior definición das axudas para evitar a pobreza enerxética, pero tamén é certo que estamos ante unha moción de intencións, que si se leva adiante terá un desenvolvemento legislativo que a corraxirá. Anuncia que votarán a favor e quere facer un chamamento á xenerosidade de todos os grupos políticos do Concello porque entende que, á marxe das discrepancias puntuais con algúns aspectos da lei, que o seu grupo tamén pode ter, e á marxe da defensa das actuacións dos compañeiros doutras institucións galegas ou nacionais, o mercado eléctrico deste país merece que se lle dea a oportunidade de que sexa un mercado xusto.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que está de acordo coa exposición feita polo representante da CIG. Entende que a enerxía é un servizo público e non só o xeito de enriquecer ás grandes empresas, tendo en conta que as tarifas eléctricas do mercado español son as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o consumo industrial. Por iso ven esta iniciativa popular necesaria e o BNG votará a favor.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor (4 do grupo do BNG, 3 do grupo socialista, 2 do grupo Somos Fene e 1 do grupo mixto), con 7 votos en contra do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Manifestar o apoio da Corporación municipal á Proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar por iniciativa legislativa popular da Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galicia.

2. Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa legislativa popular.

6. Mocións urxentes

Non se presentan.

7. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Igual que a prensa recolle o tema da tarifa social e da electricidade tamén sae unha nova que di que Facenda vai comezar a reter as liquidacións que teñan, respecto daqueles concellos que non asumiron no seu momento o canon de Sogama. É certo que non son moitos concellos e tamén hai dous concellos do PP. Cando o alcalde estaba nas labores de oposición reclamou que Fene suspendera os pagamentos a Sogama. Agora como consecuencia da sentenza que dá a razón a Sogama, aqueles concellos terán prexuízos, vendo como as liquidacións de Servizos Sociais para distintos servizos que son subvencionables pola Xunta de Galicia, como o SAF, a dependencia ou o programa de Xantar na Casa serán retidos e terán moitas dificultades para seguir atendendo estes servizos. Por todo isto, roga que cando se tomen decisións non se fagan dende unha postura illada e que no sucesivo, para as decisións importantes se pensen ben as cousas e non se tomen decisións á lixeira que poderían prexudicar gravemente ao concello.

A concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, fai os seguintes rogos e preguntas:

- O goberno anterior convocou novamente os premios Curuxa logo de máis de oito anos. O 15.09.2015 rematou o prazo de presentación e non saben cantos se presentaron nin como está isto, xa que na Comisión Informativa de Cultura non houbo presenza da responsable.

Contéstalle o alcalde que o prazo remata o 15.09.2015 a aínda non se pode saber cantos se presentarán.

A continuación contéstalle a concelleira delegada de Cultura, Amalia García Balado, que contestará por escrito.

- Quen é o responsable de Radio Fene dentro do goberno? Logo da festa viquinga de Limodre, creouse unha alarma social por parte do goberno por unha excesiva, ao noso parecer, pegada de carteis anunciando que a auga da praia non era apta para o baño; ao respecto, colgouse en youtube un vídeo gracioso que axudou a paliar a dita alarma social, vídeo que foi compartido por Radio Fene; non lle parece normal que unha radio municipal dea unha nova e comparta un vídeo que di que a auga de Limodre é fecal, para dicir que xa é potable, polo que lle roga á persoa que sexa responsable desta área que formalice un pouco a radio.

Contéstalle o concelleiro de Deportes, Participación e Información Cidadá, Transparencia e Comunicación, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que a responsabilidade de comunicación correspóndelle a Somos Fene. Di que a liberdade de expresión, prensa e comunicación é un dereito fundamental e clave para que a credibilidade. Mentres sexa responsable nunca haberá unha liña política na actuación dos seus membros.

A concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente dille na súa pregunta non hai ningunha connotación política. Entende que as novas que se difunden teñen que ser serias, para dicir que a auga de Limodre está ben non hai que crear esa alarma social que se creou, ademais un día tan importante. Por iso roga un pouco de seriedade.

- En relación coas obras que quedaron pendentes dos dous pavillóns, hai unha serie de revisións que hai que facer todos os anos e por iso no último Pleno da lexislatura pasada, o 22.05.2015 tróuxose unha modificación de crédito que, igual que para a modificación dos parques, foi votada en contra polos partidos que daquela eran a oposición. Estas revisións estanse a facer?

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que hoxe pola mañá estivo revisando esas obras, as cales que non estaban contratadas pero si encargadas porque, como dixo, no Pleno de maio non se aprobou o expediente de modificación de crédito para podelas contratar. Remata dicindo que están tratando de normalizar o desastre de expediente de contratación que impulsou alguén do goberno anterior.

A concelleira Rocío Aurora Bértoa di que entende que entón xa estean case que rematadas.

O concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, dille que pode entender que se rematarán no prazo e que se tentará darlle forma ao sistema de contratación innovador e irregular sen documentación que ela improvisou para contratar algo para o que non había partida orzamentaria.

- Áa preguntarlles neste Pleno como estaba o prego do servizo de conserxería e limpeza das instalacións deportivas municipais, pero no punto 3 da Xunta de Goberno do 20.08.2015 quedou sobre a mesa a aprobación do expediente de contratación. Por iso pregunta, que era exactamente o prego que se levaba a aprobar?, en que consistiu ese punto? e por que quedou sobre a mesa?.

Contéstalle o alcalde que o prego foi aprobado na seguinte Xunta de Goberno Local e xa está a exposición pública. Nun primeiro momento deixouse sobre a mesa porque tiveron dúbidas sobre algún asunto técnico e o goberno quixo aclaralos antes da súa aprobación, logo de facer a correspondente consulta. Unha vez aclarado o expediente aprobouse.

- Como está o expediente de desafuzamento da nave que Viaqua está usando en precario?

Contéstalle o alcalde que falou coa empresa e seguen, aínda que moi lentamente, baleirando o material que teñen na nave para outros locais seus. Espera que rematen canto antes.

- Na Comisión de Persoal o concelleiro de Servizos deu conta dunha serie de actuacións da súa concellería, entre elas aparecía a limpeza co tractor do camiño Sa. Entende que é o camiño de Sa na parroquia de Sillobre e dille que non sabe por onde pasou o tractor, porque ese camiño segue con maleza. Rógalle que se proceda a limpeza deste camiño e tamén que se limpe o camiño que vai de Limodre cara ao polígono Vilar do Colo e que este verán quedou sen limpar.

Contéstalle o concelleiro de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que di que toman nota do rogo e dille que por algúns destes camiños xa pasaron.

- Na última Comisión de Urbanismo deuse conta do expediente da modificación das ordenanzas de usos do polígono Vilar do Colo, deuse conta de que chegaron todas as autorizacións e que foron favorables e que se levaría ao Pleno de outubro ou novembro, xa que había pouco persoal debido ás vacacións. O seu grupo sabe como está este expediente, xa que foi iniciado por eles e por iso entende que daría tempo suficiente para traelo ao Pleno de hoxe como un asunto extraordinario e que se contaría cos votos favorables do seu partido. Por isto installe ao goberno para que acelere o máximo posible este expediente, que está totalmente rematado e tanto os representantes do PP, como do PSOE e do BNG son coñecedores das posibilidades que se están a perder neste momento e das empresas que están interesadas en instalarse no polígono e que dependen desta modificación.

- No rexistro de entrada veu as solicitudes de uso dos pavillóns das distintas asociacións de Fene. En base as preguntas do actual alcalde na lexislatura pasada cando preguntaba que tipo de ordenanza se lle ía aplicar, preguntalle se se lles vai aplicar algún tipo de ordenanza fiscal?

Contéstalle o alcalde que está a comprobar como aplicar as ordenanzas, as que se van aplicar e que beneficios poderá ter cada asociación, quere intentar unificar todas as ordenanzas e os usos a cada unha das sociedades e unificar o custe que ten para cada unha delas. É dicir, están estudando isto, pode que non lle dea tempo a facelo neste exercicio pero si para o seguinte e o que queren é unificalas. Agora hai sociedades que están a pagar

milleiros de euros polo uso dun pavillón mentres que outras o están a usar de balde, por iso pretende facer unha unificación e que todos teñan un prezo semellante.

- Cal é o estado de tramitacións das subvencións de concorrencia competitiva nas que se pagou o 70% e queda pendente o 30%?. Estase a traballar nas novas ordenanzas fiscais que se adoitan sacar en setembro ou outubro?

Contéstalle a concelleira delegada de Cultura, Amalia García Balado, que xa se pagou o 30% do ano 2013 e agora estase a traballar coas do ano 2014.

- Pregúntalle ao concelleiro de Servizos respecto das defecacións dos cans no parque preto do Concello.

O concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, contéstalle que é unha delegación compartida pero en todo caso o dispositivo para evitar as defecacións dos cans e a súa limpeza seguen utilizando o mesmo sistema que utilizaba o goberno anterior, coa mesmo nivel de eficacia que o seu. Non obstante é preocupación do seu goberno e estanse estudando medidas para solventalas.

A concelleira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Pensa que se presentou no rexistro algún escrito respecto do edificio de Fondomar en Barallobre e quere saber como está o tema.

Contéstalle o alcalde que se recibiu unha solicitude para ver que usos podería ter. Di que houbo algún proxecto hai anos para este edificio e están a xuntar toda a documentación presentada nos últimos anos para logo ver realmente o que se pode facer. De momento non se fixo nada. Toda a Corporación sabe que se falou moitas veces dos usos que se lle podían dar, pero nestes dous meses e medio non fixeron ningunha xestión directa con ningún organismo.

- Como vai a campaña de desratización?

Contéstalle a concelleira de Medio Ambiente, María Manuela Aguilar Prieto, que se vai facer unha primeira fase nas disintas parroquias, sobre todo as que avisaron directamente. Unha das máis afectadas é San Valentín nas que se están vendo ratas mesmo polos xardíns. Logo farase unha segunda fase, pasados uns vinte días. Esperan que con estas medidas se arranxe o problema.

- Respecto da limpeza do camiño de Sa confirma que non se pasou por alí.

Contéstalle o concelleiro de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que nos vindeiros días comprobará e pasará o aviso.

- Quere saber si se fixo a consulta respecto da pregunta que fixo hai dúas comisións en relación se hai nos concellos persoal asignado para apoio aos grupos. Quería saber se en Fene o hai e se non o hai si se pode facer. Daquela contestóuselle que se ía estudar e aínda non sabe nada.

Contéstalle o alcalde que realmente no Concello non hai ningún persoal de apoio tal e como se formulou.

- O camiño que vai da rotonda de San Valentín ao Puntal ten moitas fochancas e xa case que non hai bandas rugosas para o control da velocidade. Roga que se arranxe.

Contéstalle o concelleiro de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que toma nota e esta semana estudarán a situación e tratará de darlle solución canto antes.

- Respecto da radio municipal sabe que xa non existe o programa das Foxas xa que dende antes das eleccións non volveu ter contacto coa radio e é o único xeito que ten de presentarlle aos veciños o que entende da política municipal.

Contéstalle o alcalde que onte ou hoxe lle notificaron que a partir da semana que vén, logo do verán, comezarase novamente coa programación habitual.

- As resolucións da alcaldía recibiuas hoxe pola mañá e non tivo tempo material de consultalas. Roga que se retiren da orde do día por falla de tempo para a súa consulta.

- Di que tivo unha conversa cos responsables do Maniños, que veñen con frecuencia para saber polo tema do cambio de céspede do campo de fútbol e que non se lles dá explicacións, polo que teñen que acudir á Deputación Provincial. Di que lles dixo que pola información que lle facilitou o goberno falta a autorización de Augas de Galicia e que igual non se poden comezar as obras antes do inicio da temporada, cousa que non lles importa. Tamén lle dixeron que levan tempo esperando polo concelleiro de Deportes, que o invitaron a varias xuntanzas e que non contesta nin por activa nin por pasiva.

Contéstalle o alcalde que a semana pasada fixo xestións con Augas de Galicia e coa Deputación. Esta fin de semana informoulle persoalmente a algún directivo do Maniños de como estaba a situación. Di que falta a sinatura do director de Augas de Galicia, que tan axiña como chegue será informado polos técnicos e se lle achegará á Deputación para ver se chega ao seguinte Pleno.

Contéstalle o concelleiro de Deportes, Participación e Información Cidadá, Transparencia e Comunicación, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que non lle pediron unha entrevista pero si lle mandaron un aviso mediante mensaxe da situación dos vestiarios, da que lle deu traslado ao concelleiro de Obras para ver o que se podía facer, e doutras instalacións deportivas como o campo de fútbol do Perlío. Si que lle preguntaron respecto da súa inquedanza de cando podía ir ao Pleno da Deputación o asunto do campo de fútbol do Maniños e que lles respostou na liña do que dixo o alcalde.

Finalizado a orde do día o alcalde levanta a sesión ás 19.09 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Juventino José Trigo Rey

Estefanía Manteiga Lamas